

# EMOCIÓN EN ESTUDANTES DE ENSINO ELEMENTAL EN RELACIÓN COAS MATEMÁTICAS

ADRIÁN FERNÁNDEZ, RICARDO GONZÁLEZ, ROSA MARÍA RODRÍGUEZ, MARÍA RODRÍGUEZ, ALBA RODRÍGUEZ E PEDRO MEMBIELA  
*Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.  
Universidade de Vigo.*

Realizouse unha investigación con 324 estudantes de infantil e primaria de nove centros sobre a relación entre emocións con variables asociadas ás crenzas de habilidade, expectativa, utilidade, importancia e interese, as emocións, o compromiso emocional e o benestar en relación coa aprendizaxe das matemáticas. Nos resultados destaca a importancia da relación das emocións coas variables motivacionais, o compromiso emocional e o benestar na aprendizaxe das matemáticas.

**Palabras chave:** emocións, estudantes de ensino elemental, aprendizaxe das matemáticas.

## Introdución

As emocións están omnipresentes na configuración de resultados académicos. Os estudantes poden sentirse orgullosos das boas cualificacións, preocúpalles non entender o material do curso, se anoxan cun profesor que os trata inxustamente ou se senten aburridos cando tratan un tema no que non están interesados. Malia a diversidade de emocións que os estudantes experimentan nas súas clases a diario (Pekrun, Goetz, Titz e Perry, 2002), a investigación sobre diferentes emocións académicas vai emerxendo lentamente. Isto é especialmente desconcertante porque as emocións teñen un gran impacto na motivación, a aprendizaxe e o rendemento dos estudantes, así como na súa saúde e benestar (Pekrun, 2006).

Dada a relativa escaseza de investigacións dispoñibles sobre as emocións dos estudantes na aprendizaxe das matemáticas, os principais obxectivos foron coñecer como as emocións dos estudantes poden verse afectadas por outras dimensións dos procesos do aula tales como as crenzas de habilidade, expectativa, utilidade, importancia e interese, as emocións, o compromiso emocional e o benestar en relación coa aprendizaxe das matemáticas.

## Metodoloxía

A investigación realizouse con 324 estudantes de educación infantil (3º curso) e primaria (1º a 6º curso) de nove centros. A idade está comprendida entre 5 e 12 anos. Estivo centrada nas percepcións de dimensións relacionadas coas crenzas de habilidade, expectativa, utilidade, importancia e interese, as emocións, o compromiso emocional e o benestar en relación coa aprendizaxe das matemáticas.

## Resultados:

1) Hai numerosas correlacións significativas (Ver Táboa 1), entre emocións e dimensións asociadas ás crenzas de habilidade, expectativa, utilidade, importancia e interese, compromiso emocional e de benestar coa aprendizaxe das matemáticas.

2) Destacan as correlacións (>0,3) que manifestan o desfrute coas dimensións asociadas a crenzas de habilidade, a expectativa, a utilidade, importancia e interese coa aprendizaxe das matemáticas, salvo para benestar físico e relación coa familia.

3) Hai correlacións positivas do desfrute coas variables estudadas que son todas positivas, e negativas destas co aburrimiento e a desesperanza.

Táboa 1.- Correlacións significativas das emocións con outras dimensións  $r \geq .114$ , significativo a  $p < .05$ ,  $r > .161$ , significativo a  $p < .01$ .

00 Correlacións	31 Aburrimiento	32 Ansiedade	33 Desfrute
02 Centro Público-Privado	0,092	0,149	-0,248
03 Centro Rural-Urbano	0,036	0,067	-0,098
04 Curso	0,241	0,272	-0,244
05 Xénero	-0,039	-0,089	-0,043
06 Idade	0,080	0,078	-0,128
11 Crenza de habilidade	-0,234	-0,144	0,385
12 Expectativa	-0,270	-0,164	0,377
13 Utilidade, importancia e interese	-0,251	-0,130	0,423
41 Compromiso emocional	-0,310	-0,194	0,478
51 Benestar físico	-0,160	-0,180	-0,104
53 Autoestima	-0,056	-0,036	0,424
54 Relación familia	-0,169	-0,166	0,175
55 Relación amigos/as	-0,046	-0,029	0,425
56 Funcionamento diario na escola	-0,251	-0,169	0,528

### Discusións e conclusións:

Intentando predicir as emocións de estudantes de ensino elemental en relación coa aprendizaxe das matemáticas, destacan certas variables que protexen fronte ao aburrimiento e a ansiedade, e as que promoven o desfrute. Singularmente as que teñen un efecto combinado, tal como ocorre en maior ou menor grado coas variables estudadas motivacionais, de compromiso emocional e de benestar coa aprendizaxe das matemáticas.

### REFERENCIAS

- Pekrun, R., Goetz, T., Titz, W., & Perry, R. P. (2002). Academic emotions in students' self-regulated learning and achievement: A program of qualitative and quantitative research. *Educational Psychologist*, 37, 91-106.
- Pekrun, R. (2006). The control-value theory of achievement emotions: Assumptions, corollaries, and implications for educational research and practice. *Educational Psychology Review*, 18, 315-341.